

REXIMEN INTERNO CLUB DEPORTIVO NÁUTICO DE MIÑO

PREAMBULO - O obxecto do presente documento é regular as normas de réxime interno así como o desenvolvemento do réxime disciplinario do CDN Miño de conformidade cos estatutos vixentes onde se prevé o desenvolvemento de normas de funcionamento propias así como o exercicio da potestade disciplinaria sobre os seus membros e en concordancia coas disposicións e regulamentos de aplicación.

Con arranxo ás anteriores premisas, procédese a redactar o presente regulamento de réxime interno, cuxas normas serán de aplicación a todos os estamentos do Club, polo que a soa pertenza ao mesmo, en calquera condición, supón a súa aceptación.

ARTICULO 1 - Todos os estamentos do Club, Xunta Directiva, Corpo técnico, Empregados e Deportistas, manterán en calquera actividade que desenvolvan en nome do mesmo as necesarias normas de conduta que promocionen a boa imaxe da entidade.

ARTICULO 2 - SOBRE OS DEPORTISTAS.

2.1 DEREITOS DOS DEPORTISTAS

2.1.1 Todos os deportistas teñen dereito a recibir a atención técnica necesaria para progresar deportivamente da maneira máis adecuada posible. Esta atención contempla tanto os adestramentos como a competición. O club deberá asegurar na medida do posible, a asistencia necesaria cos medios humanos e materiais precisos para que o padexeiro poida enfrontarse da maneira máis idónea tanto ao adestramento como á competición.

2.1.2. Todos os deportistas teñen dereito a participar nas competicións necesarias para asegurar a súa progresión deportiva e poder alcanzar as metas que as súas posibilidades físicas e psicolóxicas permitanlle. Este dereito non será de aplicación se non se cumpran os requisitos mencionados no apartado 2.2. É potestade dos adestradores establecer o calendario de probas ao que asistirá o club así como os padexeiros que participarán en cada unha.

2.1.3 Todos os deportistas teñen dereito a ser tratados co debido respecto por técnicos, directivos e demais compoñentes do club.

2.1.4 O club atenderá a nivel xeral as necesidades médicas dos deportistas que poidan ser cubertas polo seguro incluído na licenza federativa.

2.1.5 O club poderá desenvolver actividades con deportistas a título persoal cumprindo os seguintes puntos:

- a) Deberá ser unha actividade deportiva orientada a conseguir un maior rendemento deportivo.
- b) Deberá ser iniciativa do adestrador, que terá que presentar á Xunta Directiva un informe co detalle da actividade,

o seu obxecto e o seu custo, á vista do cal, a Xunta decidirá a realización ou non da citada actividade.

2.2 OBRIGACIÓNS DOS DEPORTISTAS

2.2.1 Os deportistas están obrigados a acudir coa frecuencia e puntualidade acordada aos adestramentos. Cada vez que un deportista non poida acudir a un adestramento deberá comunicalo, na medida do posible, con antelación. Ademais deberán acudir ás competicións, concentracións e controis para os que sexan convocados.

Cada deportista deberá asistir ao grupo que lle sexa asignado, debendo solicitar permiso para calquera cambio aos membros da Xunta Directiva responsables destas tarefas, que o tramitarán co adestrador. Polo bo funcionamento do Club, os cambios só se concederán de forma MOI excepcional, xa que os grupos están formados en función da idade, características técnicas e rendemento dos deportistas, o cal fai que o aproveitamento do adestramento sexa máximo. Ningún padexeiro menor de idade irá á auga sen o seu adestrador ou sen un adulto responsable que lles acompañe. Os deportistas maiores de idade deben acudir á auga polo menos cun compañeiro. O que o faga en solitario, farao baixo a súa responsabilidade, non facéndose responsable o club por este feito. Todos os deportistas deberán cumprir cas normas establecidas pola Federación

2.2.2. Todo deportista debe comportarse tanto en adestramentos como en competicións coa entrega debida, esforzándose na medida na que lle sexa solicitado, e actuando con sentido deportivo. Cando un deportista incumpra este punto reiteradamente, perderá o seu dereito para competir representando ao club.

2.2.3 Todos os deportistas deberán comportarse con corrección e educación con compañeiros, adestradores, adversarios e en definitiva con calquera outra persoa mentres se atopan baixo a disciplina do club. Do mesmo xeito deben utilizar adecuadamente e co coidado necesario, os materiais, equipamentos, instalacións, vehículos e infraestruturas que se poñan á súa disposición. Todo material ou infraestructura do local que rompa ou estrague debido a un mal uso por parte dun padexeiro, deberá ser abonado polo mesmo.

2.2.4 Todos os deportistas deberán asumir a disciplina deportiva propia do club tanto en adestramentos como en competicións. Isto indica que a máxima autoridade á hora de tomar decisións técnicas será o adestrador. Deberán asumir con respecto as decisións que o adestrador adopte en beneficio do equipo ou do club. Esta actitude tamén se fai extensiva ás decisións arbitrais e de estamentos federativos.

2.2.5 Todos os deportistas ou os seus pais ou titores, están obrigados a satisfacer a cota do club nas condicións que se fixaron.

ARTICULO 3.- SOBRE OS ADESTRADORES

3.1 DEREITOS

3.1.1 Os adestradores constitúen unha das pezas crave no CDN Miño, xa que sobre eles recae o importante labor de formar e instruír aos seus deportistas. Por iso, a Xunta Directiva do club velará para que o seu traballo sexa recoñecido, valorado e respectado tanto polos deportistas como polos seus familiares (no caso dos menores de idade), sendo as faltas de respecto cara a eles un dos principais aspectos á hora de sancionar.

3.1.2 Todos os adestradores e resto do persoal teñen dereito a tomar con independencia e baixo a súa responsabilidade as decisións técnicas necesarias para a obtención dos obxectivos deportivos. Este dereito abarca a capacidade para decidir a asistencia ó non de calquera padexeiro a todo tipo de eventos deportivos: adestramentos, competición ou calquera outro.

3.1.2 Todos os adestradores teñen dereito a contar cos medios humanos e materiais necesarios para poder exercer o seu traballo coa calidade esixida, sempre que a situación económica do club así o permita.

3.2 OBRIGACIÓNS DOS ADESTRADORES

3.2.1 Os adestradores e resto do persoal do club deberán cumprir coas funcións que lles foron encomendadas coa máxima dilixencia e profesionalidade, acudindo a adestramentos e competicións coa puntualidade debida, sempre que as obrigacións laborais de cada un non o impidan.

3.2.2 Os adestradores e resto do persoal teñen obrigación de atender co debido respecto e educación a todos os deportistas que estean ao seu cargo, co obxectivo de asegurar unha relación e ambiente de traballo o máis agradable posible, procurando valorar na súa xusta medida o esforzo e dedicación de cada un deles.

3.2.3 Os adestradores e resto do persoal implicado no traballo técnico, deben informar os deportistas e pais ou titores sobre a súa evolución, actitude, posibilidades e cuantos detalles solicítense.

ARTICULO 4 - SOBRE OS PAIS OU TITORES.

4.1 No caso das categorías alevín, infantil, cadete e xuvenil, e dado que os nenos, nenas e novas son menores de idade, cobran especial relevancia para o CDN Miño o colectivo dos pais, nais e familiares destes, xa que deben implicarse e participar nesta faceta educativa tan importante que constitúe o deporte do piragüismo.

4.2 Deberán animar, axudar e colaborar en todo aquilo que favoreza a boa marcha do club xa que constitúen unha parte importante e necesaria para o seu bo funcionamento.

4.3 Favorecerán a participación activa dos seus fillos coa máxima responsabilidade, sendo conscientes dos beneficios que a súa práctica leva para os seus fillos e para o equipo. Por iso, deberán procurar evitar castigarlles por medio do piragüismo,

buscando outras alternativas e recursos que non prexudiquen ao padeeiro, aos seus compañeiros e ao club en xeral. Unha boa comunicación co adestrador, baseada no respecto ao seu labor sería o máis aconsellable.

4.4 Absteranse de utilizar un vocabulario mal soante ou ter actitudes pouco correctas e maleducadas cos árbitros, adestradores, directivos e deportistas propios e contrarios, tanto en competicións como en adestramentos, en calquera lugar onde estea representado o club.

4.5 Facilitarán e apoiarán o labor dos adestradores e directivos do equipo, xa que de todos é sabido a súa dedicación e desinterese en tan complicada e difícil tarefa.

4.6 Deberán comunicar ao adestrador, coa maior antelación posible, a ausencia de calquera deportista, ou calquera circunstancia previa ás competicións que poida afectar á organización e desenvolvemento das mesmas.

4.7 Os pais deberán manterse o marxe da actividade deportiva dos seus fillos, limitándose a animar e apoiar os mesmos. Non deberán dar instrucións técnicas para isto esta o adestrador. Son os deportistas os que practican o deporte guiados e aconsellados polo seu adestrador.

4.8 Deberán reprobar aos seus fillos calquera actitude antideportiva, falta de respecto ou acto vandálico leve ou grave do cal teñan coñecemento, poñéndose en contacto co club para poder corrixir estes comportamentos nun futuro e facerlles comprender que as súas malas accións teñen consecuencias para terceiros e para eles mesmos.

ARTICULO 5- SOBRE A ASISTENCIA A COMPETICIÓN DEPORTIVAS

5.1 ORGANIZACIÓN DOS DESPRAZAMENTOS

5.1.1 Os deportistas manterán durante a competición a disciplina, corrección e espírito de equipo. Animarán aos seus compañeiros cando estes disputen as súas probas.

5.1.2 Antes e despois de cada proba o deportista axudará a recoller o material e estará co seu adestrador para recibir instrucións e analizar o resultado da mesma.

5.1.3 Os deportistas competirán sempre que representen ó club có equipamento do mesmo. Cumprindo en todo momento

as normas recollidas nos regulamentos marcados pola federación.

5.1.4. Baixo ningún concepto os deportistas, os seus pais ou acompañantes poderán dirixir as súas queixas directamente ós árbitros ou organizadores de trofeos. No caso de que exista motivo de reclamación, este expoñerase ó adestrador, que fará as pescudas pertinentes pola vía regulamentaria. O incumprimento destas normas poderá ser motivo para non ser convocado en sucesivas competicións.

5.1.5. Os deportistas serán inscritos nas competición a criterio do adestrador que valorará a capacidade de cada deportista así como a asistencia os adestramentos. Todos os deportistas que acudan a competición deberán de participar na preparación e recollida do material para a mesma, en caso de non poder por calquera circunstancia delegará nalgún compañeiro.

ARTICULO 6- SOBRE OS LOCAIS E MATERIAIS DO CLUB

6.1 Todos os membros do CDN Miño teñen a obrigação de manter limpas e ordenadas as instalacións, tanto vestiarios, aseos e ximnasio como o local onde se almacenan as embarcacións. Cada usuario deberá utilizar racionalmente a auga quente e a electricidade das instalacións.



REXIMEN INTERNO

Rúa Porto s/n

15630, Miño, A Coruña

cdnmino@gmail.com

www.cdnmino.org